

## ANTROPOLOXÍA 1º BACH

O que diferencia claramente a Antropoloxía doutras disciplinas veciñas é, sen lugar a dúbidas, o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a potente lente dunha análise obxectiva que, de seguro, debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e, sinaladamente, como ser social e, hoxe, engadiríamos global. Pero ademais, esta materia proporciona múltiples perspectivas, xa que combina, dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e ópticas diversas. A rica combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de insuflarlles ás alumnas e aos alumnos un aire de comprensión e universalidade que os libere do cinto de etnocentrismo que acotío preside as súas vidas.

Daquela, a Antropoloxía convértese por dereito propio nunha materia que, caracterizada pola súa inherente transversalidade, lle propón ao alumnado a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica, crítica e construtiva. Pero é que a Antropoloxía, como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, lle proporciona ao discente unha sorte de visión de amplo espectro que, con certeza, lle procura un horizonte de comprensión abstracto que pode axudalo, dun xeito moi específico e práctico, a entender de forma madura e intelixente o mundo global en que nos movemos e a incardinarse nel. E, desde logo, sen renunciar a achegar un punto de vista antropoloxicamente mediado da nosa realidade en Galicia. Ser quen de contrastar ou, por mellor dicir, examinar cientificamente outras crenzas e visións do mundo desde unha perspectiva eminentemente crítica é un obxectivo que se debe lograr para o enriquecemento do pensamento do alumnado e a súa propia autocompreensión como persoa galega.

O currículo da materia consta de catro bloques que reflicten a evolución histórica desta disciplina. Logo do primeiro, de carácter introdutorio, abórdanse tres bloques específicos. Comezando pola Antropoloxía filosófica, enfocada desde unha perspectiva histórica, pásase despois á Antropoloxía físicobiolóxica e finalízase facendo especial fincapé na Antropoloxía sociocultural, na cal, ademais, se lle presta unha atención específica á cultura galega mediante a realización dun traballo de campo.